

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13946 Orde PRE/2356/2010, do 3 de setembro, pola que se modifica o anexo IV do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.

Mediante o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, incorporouse ao noso ordenamento a Directiva 2006/126/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, sobre o permiso de condución, e derogouse expresamente o anterior Regulamento xeral de condutores polo que se traspuxera ao noso dereito interno a Directiva 91/439/CEE, do Consello, do 29 de xullo, sobre o citado permiso.

Neste contexto, a Comisión considerou necesario adaptar ao progreso científico e técnico algunhas das aptitudes exixidas para a condución de vehículos, en concreto as referidas á vista, á diabetes e á epilepsia.

Para isto, e co obxecto de que todos os Estados membros, tanto os que xa incorporaron ao seu ordenamento interno a Directiva 2006/126/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, como aqueles que aínda non o fixeron e continúan rexéndose pola Directiva 91/439/CEE, do Consello, do 29 de xullo, adapten os seus respectivos ordenamentos aos cambios propostos, a Comisión tivo que ditar dúas directivas co mesmo contido.

Unha primeira directiva, a Directiva 2009/112/CE, da Comisión, do 25 de agosto, que modifica o anexo III da Directiva 91/439/CEE, do Consello, do 29 de xullo, que estarán obrigados a incorporar ao seu ordenamento interno aqueles Estados membros que se sigan rexendo por ela.

E, unha segunda directiva, a Directiva 2009/113/CE, da Comisión, do 25 de agosto, que modifica o anexo III da Directiva 2006/126/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, para aqueles Estados membros que incorporasen ao seu ordenamento a citada directiva, como no caso de España, que a incorporou ao noso dereito interno mediante o vixente Regulamento xeral de condutores.

A teor do exposto, co obxecto de incorporar ao noso ordenamento a Directiva 2009/113/CE, da Comisión, do 25 de agosto, dítase a presente orde pola que se modifica o anexo IV do Regulamento xeral de condutores.

Conforme a habilitación contida na disposición derradeira segunda do mencionado Real decreto 818/2009, do 8 de maio, a modificación do anexo IV exige que se faga por orde da ministra da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros do Interior e de Sanidade e Política Social.

Sobre esta orde emitiu informe o Consello Superior de Seguridade Viaria, de conformidade co disposto no artigo 5.2 e) do Real decreto 317/2003, do 14 de marzo, polo que se regula a súa organización e funcionamento.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Sanidade e Política Social, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo IV do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.*

O número 1 «Capacidade visual», os puntos 1 e 2 do número 8 «Enfermidades metabólicas e endócrinas», a epígrafe e o punto 2 do número 9 «Sistema nervioso e muscular» do anexo IV «Aptitudes psicofísicas requiridas para obter ou prorrogar a vixencia do permiso ou da licenza de condución» do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, quedan redactados do seguinte modo:

«1. Capacidade visual

Se para alcanzar a agudeza visual requirida é necesaria a utilización de lentes correctoras, deberase expresar, no informe de aptitude psicofísica, a obriga do seu uso durante a condución. Estas lentes deberán ser ben toleradas. Para os efectos deste anexo, as lentes intraoculares non se deberán considerar como lentes correctoras, e entenderase como visión monocular toda agudeza visual inferior a 0,10 nun ollo, con ou sen lentes correctoras, debida á perda anatómica ou funcional de calquera etioloxía.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
1.1 Agudeza visual.	Débese posuír, se é preciso con lentes correctoras, unha agudeza visual binocular de, polo menos, 0,5.	Débese posuír, con ou sen corrección óptica, unha agudeza visual de, polo menos, 0,8 e, polo menos, 0,1 para o ollo con mellor agudeza e con peor agudeza, respectivamente. Se se precisa corrección con lentes, a potencia destas non poderá exceder + 8 dioptrías.	Non se admiten.	Non se admiten.
	Non se admite a visión monocular.	Non se admite a visión monocular.	Os afectados de visión monocular con agudeza visual no ollo mellor de 0,5 ou maior, e máis de seis meses de antigüidade en visión monocular, poderán obter ou prorrogar permiso ou licenza, sempre que reúnan as demais capacidades visuais. Cando, polo grao de agudeza visual ou pola existencia dunha enfermidade ocular progresiva, os re c o ñ e c e m e n t o s periódicos que se deben realizar fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico. Espello retrovisor exterior a ambos os lados do vehículo e espello interior panorámico ou, se é o caso, espello retrovisor adaptado.	Non se admiten.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
	Non se admite a cirurxía refractiva (distinta de afaquia)	Non se admite a cirurxía refractiva (distinta de afaquia)	Tras un mes de efectuada cirurxía refractiva, achegando informe da intervención, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza, con período de vixencia máximo dun ano. Transcorrido un ano desde a data da intervención, e tendo en conta o defecto de refracción precirúrxico, a refracción actual e a posible existencia de efectos secundarios non desexados, fixarase o período de vixencia posterior, a criterio oftalmolóxico.	En caso de cirurxía refractiva, e transcorridos tres meses desde a intervención, achegando informe da intervención, poderase obter ou prorrogar o permiso con período de vixencia máximo dun ano. Transcorrido un ano desde a data da intervención, e tendo en conta o defecto de refracción precirúrxico, a refracción actual e a posible existencia de efectos secundarios non desexados, fixarase o período de vixencia posterior, a criterio oftalmolóxico.
1.2 Campo visual.	<p>Se a visión é binocular, o campo binocular debe ser normal. No exame binocular, o campo visual central non debe presentar escotomas absolutos en puntos correspondentes de ambos os ollos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana.</p> <p>Se a visión é monocular, o campo visual monocular debe ser normal. O campo visual central non debe presentar escotomas absolutos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana.</p>	<p>Débese posuír un campo visual binocular normal. Tras a exploración de cada un dos campos monoculares, estes non deben presentar reducións significativas en ningún dos seus meridianos. No exame monocular non se admite a presenza de escotomas absolutos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana.</p> <p>Non se admite visión monocular.</p>	<p>Non se admiten.</p> <p>Non se admiten.</p>	<p>Non se admiten.</p> <p>Non se admiten.</p>

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
1.3 Afaqias e pseudofaqias.	Non se admiten as monolaterais nin as bilaterais.	Ídem grupo 1.	Transcorrido un mes de establecidas, se se alcanzan os valores determinados nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 1, o período de vixencia do permiso ou licenza será, como máximo, de tres anos, segundo criterio médico.	Transcorridos dous meses de establecidas, se se alcanzan os valores determinados nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 2, o período de vixencia do permiso será, como máximo, de tres anos, segundo criterio médico.
1.4 Sensibilidade ao contraste.	Non deben existir alteracións significativas na capacidade de recuperación ao cegamento nin alteracións da visión mesópica.	Ídem grupo 1.	No caso de padecer alteracións da visión mesópica ou do cegamento, deberanse establecer as restricións e limitacións que, a criterio oftalmolóxico sexan precisas para garantir a seguridade na condución. En todo caso, débense descartar patoloxías oftalmolóxicas que orixinen alteracións incluídas nalgún dos restantes puntos sobre capacidade visual.	Non se admiten.
1.5 Motilidade palpebral.	Non se admiten ptoses nin lagofthalmias que afecten a visión nos límites e condicións sinaladas nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 1.	Non se admiten ptoses nin lagofthalmias que afecten a visión nos límites e condicións sinaladas nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 2.	Non se admiten.	Non se admiten.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
1.6 Motilidade do globo ocular.	<p>As diplopías impiden a obtención ou a prórroga.</p> <p>O nistagmo impide a obtención ou a prórroga cando non permita alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 ao 1.7 do grupo 1, ambos inclusive, cando sexa manifestación dalgunha enfermidade das incluídas neste anexo ou cando, a criterio facultativo, orixine ou poida orixinar fatiga visual durante a condución.</p>	<p>Ídem grupo 1.</p> <p>O nistagmo impide a obtención ou a prórroga cando non permita alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 ao 1.7 do grupo 2, ambos inclusive, cando sexa manifestación dalgunha enfermidade das incluídas neste anexo ou cando, a criterio facultativo, orixine ou poida orixinar fatiga visual durante a condución.</p>	<p>As diplopías só se permitirán a criterio oftalmolóxico sempre que non se manifesten nos 20° centrais do campo visual e non produzan ningunha outra sintomatoloxía, en especial fatiga visual. Nas de recente aparición debe transcorrer un período de, polo menos, 6 meses sen conducir. En caso de se permitir a obtención ou a prórroga do permiso ou licenza, o período de vixencia máximo será de tres anos. Cando a diplopía se elimine mediante a oclusión dun ollo aplicaranse as restricións propias da visión monocular.</p> <p>Non se admiten.</p>	<p>Non se admiten.</p> <p>Non se admiten.</p>

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
	Non se admiten outros defectos da visión binocular nin estrabismos que impidan alcanzar os niveis fixados nos números 1.1 ao 1.7 do grupo 1, ambos inclusive. Cando non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 ao 1.7 do grupo 1, ambos inclusive, o oftalmólogo deberá valorar, principalmente, as súas consecuencias sobre a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopse, a presenza de forias e de tortícolos e a aparición de diplopía, así como a probable evolución do proceso, fixando en consecuencia o período de vixencia.	Non se admiten outros defectos da visión binocular nin os estrabismos.	Cando os estrabismos ou outros defectos da visión binocular non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 ao 1.7 do grupo 1, ambos inclusive, e, debido á súa repercusión sobre parámetros como a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopse, a presenza de forias e de tortícolos, a aparición de diplopía ou pola probable evolución do proceso, os recoñecementos periódicos que se deben realizar fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, este fixarase segundo o criterio do oftalmólogo.	Cando os estrabismos ou outros defectos da visión binocular non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 ao 1.7 do grupo 2, ambos inclusive, o oftalmólogo deberá valorar as súas consecuencias sobre parámetros como a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopse, a presenza de forias e de tortícolos, a aparición de diplopía e a probable evolución do proceso, fixando en consecuencia o período de vixencia, que será en todo caso como máximo de tres anos.
1.7 Deterioración progresiva da capacidade visual.	As enfermidades progresivas que non permitan alcanzar os niveis fixados nos números 1.1 ao 1.6 anteriores, ambos inclusive, impiden a obtención ou a prórroga.	As enfermidades e os trastornos progresivos da capacidade visual impiden a obtención ou a prórroga.	Cando non impidan alcanzar os niveis fixados nos números 1.1 ao 1.6, e os recoñecementos periódicos que se deben realizar fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico.	Non se admiten.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
1.8 Deterioración aguda da capacidade visual.	Cando aínda alcanzando os niveis fixados nos números 1.1 ao 1.6 anteriores, ambos inclusive, a presión intraocular se encontre por riba dos límites normais, deberánse analizar posibles factores de risco asociados e establecerase un control periódico a criterio oftalmolóxico.	Ídem grupo 1.	Cando os recoñecementos periódicos que se deben realizar fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico.	Cando os recoñecementos periódicos que se deben realizar fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico.
	Tras unha perda importante e brusca de visión nun ollo, deberá transcorrer un período de adaptación de 6 meses sen conducir, tras o cal se poderá obter ou renovar o permiso ou licenza achegando informe oftalmolóxico favorable.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.

8. *Enfermidades metabólicas e endócrinas*

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
8.1 «Diabetes mellitus».	Non debe existir Diabetes mellitus que curse con inestabilidade metabólica severa que requira asistencia hospitalaria, nin Diabetes mellitus en tratamento con insulina ou con fármacos hipoglicemiantes.	Non debe existir Diabetes mellitus que curse con inestabilidade metabólica severa que requira asistencia hospitalaria, nin Diabetes mellitus tratada con insulina ou con fármacos hipoglicemiantes.	Sempre que sexa preciso o tratamento con insulina ou con fármacos hipoglicemiantes, deberase achegar informe médico favorable que acredite o adecuado control da enfermidade e a adecuada formación diabetolóxica do interesado. O período de vixencia máximo será de cinco anos e poderá ser reducido a criterio facultativo.	Os afectados de Diabetes mellitus tipo 1 e os de tipo 2 que requiran tratamento con insulina e acheguen informe favorable dun endocrinólogo ou diabetólogo que acredite o adecuado control da enfermidade e a adecuada formación diabetolóxica do interesado, en casos moi excepcionais, poderán obter ou prorrogar o permiso cun período de vixencia máximo de 1 ano. Os afectados de diabetes tipo 2 que precisen tratamento con fármacos hipoglicemiantes deberán achegar informe favorable dun endocrinólogo ou diabetólogo que acredite o bo control e o coñecemento da enfermidade e o período máximo de vixencia será de tres anos.
8.2 Cadros de hipoglicemia.	Non deben existir, no último ano, cadros repetidos de hipoglicemia aguda nin alteracións metabólicas que cursen con perda de conciencia.	Ídem grupo 1.	Non se admiten.	Non se admiten.

9. Sistema nervioso e muscular

Non deben existir enfermidades do sistema nervioso e muscular que produzan perda ou diminución grave das funcións motoras, sensoriais ou de coordinación que incidan involuntariamente no control do vehículo.

Defínese a epilepsia como a presentación de dúas ou máis crises epilépticas nun prazo menor de 5 anos. Por crise epiléptica provocada a que ten un factor causante identificable e evitable.

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
9.2 Epilepsias e crises convulsivas doutras etioloxías.	<p>Non se permiten cando aparecen crises epilépticas convulsivas ou crises con perda de conciencia durante o último ano.</p> <p>No caso de crises convulsivas ou con perda de conciencia durante o sono, deberase constatar que, polo menos, transcorreu un ano só con estas crises e só durante o sono.</p>	<p>Só se permiten cando non precisaron tratamento nin produciron crises durante os dez últimos anos.</p> <p>Só se permiten cando non precisaron tratamento nin se produciron crises durante os dez últimos anos.</p>	<p>Os afectados de epilepsias con crises convulsivas ou con crises con perda de conciencia deberán achegar informe favorable dun neurólogo en que se faga constar o diagnóstico, o cumprimento do tratamento, a frecuencia de crises e que o tratamento farmacolóxico prescrito non impide a condución. O período de vixencia do permiso ou licenza será de dous anos como máximo. No caso de ausencia de crises durante os tres últimos anos, o período de vixencia será de cinco anos como máximo.</p> <p>No caso destas crises durante o sono, o período de vixencia do permiso ou licenza será como máximo de dous anos, con informe favorable dun neurólogo en que se faga constar o diagnóstico, o cumprimento do tratamento, a ausencia doutras crises convulsivas e que o tratamento farmacolóxico prescrito, se é o caso, non impide a condución. No caso de ausencia deste tipo de crises durante os tres últimos anos, o período de vixencia será de cinco anos como máximo.</p>	<p>Os afectados de epilepsias deberán achegar informe favorable dun neurólogo en que se acredite que non precisaron tratamento nin padeceron crises durante os dez últimos anos, non existe ningunha patoloxía cerebral relevante nin actividade epileptiforme no EEG. O período de vixencia do permiso será de dous anos como máximo.</p> <p>Os afectados de epilepsias deberán achegar informe favorable dun neurólogo en que se acredite que non precisaron tratamento nin padeceron crises durante os dez últimos anos, non existe ningunha patoloxía cerebral relevante nin actividade epileptiforme no EEG. O período de vixencia do permiso será de dous anos como máximo.</p>

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
No caso de crises epilépticas repetidas sen influencia sobre a conciencia ou sobre a capacidade de actuar, deberase constatar que, polo menos, transcorreu un ano só con este tipo de crises.	No caso de crises epilépticas repetidas sen influencia sobre a conciencia ou sobre a capacidade de actuar, deberase constatar que, polo menos, transcorreu un ano só con este tipo de crises e sen tratamento.	Deberase achegar informe favorable dun neurólogo en que se faga constar o diagnóstico, cumprimento do tratamento, se é o caso, a frecuencia das crises e que o tratamento farmacolóxico prescrito non impide a condución. O período de vixencia do permiso será de dous anos como máximo.	Deberase achegar informe favorable dun neurólogo en que faga constar o diagnóstico, a non existencia doutro tipo de crises e que non precisou tratamento durante o último ano. O período de vixencia do permiso será dun ano como máximo.	
No caso de crise epiléptica provocada debido a un factor causante identificable deberase achegar un informe neurolóxico favorable en que conste ademais un período libre de crises de, polo menos, seis meses. Teranse en conta outros puntos deste anexo.	No caso de crise epiléptica provocada, debida a un factor causante identificable, deberase achegar un informe neurolóxico favorable que acredite un período libre de crises de, polo menos, un ano e inclúa valoración electroencefalográfica. Teranse en conta outras epígrafes deste anexo. En caso de lesións estruturais cerebrais con risco aumentado, para o inicio de crises epilépticas, deberase valorar a súa magnitude mediante informe neurolóxico.	Non se admiten.	Non se admiten.	
No caso de primeira crise ou única non provocada, deberase acreditar un período libre de crises de, polo menos, seis meses mediante informe neurolóxico.	No caso de primeira crise ou única non provocada, deberase acreditar un período libre de crises de, polo menos, cinco anos e sen fármacos antiepilépticos mediante informe neurolóxico. A criterio neurolóxico e se se reúnen bos indicadores de pronóstico, poderase reducir o período libre de crise exixido.	Non se admiten.	Non se admiten.	
No caso doutras perdas de conciencia deberanse avaliar en función do risco de recorrencia e da exposición ao risco.	No caso doutras perdas de conciencia deberanse avaliar en función do risco de recorrencia e da exposición ao risco.	Non se admiten.	Non se admiten.	

Exploración (1)	Criterios de aptitude para obter ou prorrogar permiso ou licenza de condución ordinarios		Adaptacións, restricións e outras limitacións en persoas, vehículos ou de circulación en permiso ou licenza suxeitos a condicións restritivas	
	Grupo 1: AM, A1, A2, A, B, B + E e LCC (art. 45.1a) (2)	Grupo 2: BTP, C1, C1 + E, C, C + E, D1, D1 + E, D, D + E (art. 45.1b e 2) (3)	Grupo 1 (4)	Grupo 2 (5)
	Se se produce unha crise convulsiva ou con perda de conciencia durante un cambio ou retirada de medicación, deberase acreditar 1 ano libre de crises unha vez restablecido o tratamento antiepiléptico. A criterio neurolóxico poderase impedir a condución desde o inicio da retirada do tratamento e durante o prazo de 6 meses tras o cesamento deste.	Non se admite a mediación antiepiléptica.	Non se admiten.	Non se admiten.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de inferior ou igual rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación do dereito comunitario.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/113/CE, da Comisión, do 25 de agosto, que modifica a Directiva 2006/126/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, sobre o permiso de condución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de setembro de 2010.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.